

**INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 13 de febreiro de 2009 pola que se modifica o límite compatible do importe da axuda (minimis) en determinadas liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

A Comunicación da Comisión Europea publicada no DOUE C 16/1, do 22 de xaneiro de 2009, establece un marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira. Así, no seu artigo 4.2º establece un novo límite compatible do importe de axuda (*minimis*).

En consecuencia, faise conveniente modificar as bases reguladoras das axudas do Igape acollidas ao réxime de *minimis*, para os efectos de aplicarlles o novo límite compatible do importe de axuda (*minimis*).

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Modificar, para os programas de axuda que se relacionan deseguido, o límite compatible do importe da axuda (*minimis*), que non poderá exceder dos 500.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, cumprindo as condicións da Comunicación da Comisión Europea publicada no DOUE C 16/1, do 22 de xaneiro de 2009, que establece un marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira:

-Bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio aos investimentos das empresas do sector de transporte público de viaxeiros por estrada, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Instituto Galego de Promoción Económica, feitas públicas mediante Resolución do 28 de abril de 2008, DOG nº 84, do 2 de maio de 2008 (Procedemento IG149).

-Bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas, feitas públicas mediante Resolución do 9 de maio de 2008, DOG nº 92, do 14 de maio de 2008 (Procedementos IG150, IG151, IG152, IG153, IG110, IG123, IG154, IG124, IG155, IG111, IG156, IG157 e IG158).

-Bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de

colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, feitas públicas mediante Resolución do 4 de novembro de 2008, DOG nº 215, do 5 de novembro de 2008 (Procedementos IG162, IG163 e IG164).

-Bases reguladoras das axudas do Igape para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bursátil (MAB), feitas públicas mediante Resolución do 10 de decembro de 2008, DOG nº 244, do 17 de decembro de 2008 (Procedemento IG165).

-Bases reguladoras dos incentivos económicos e dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, feitas públicas mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009, DOG nº 31, do 13 de febreiro (Procedementos IG107, IG113, IG114, IG119, IG121 e IG122).

Segundo.-Esta modificación aplicarase a todas as concesións de data posterior ao 17 de decembro de 2008, sempre e cando os beneficiarios das axudas presenten a documentación acreditativa do artigo 4.2º da comunicación da comisión citada no punto primeiro desta resolución.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica